

TEXTO PARA ADICIONAR, O 1 DE MAIO DE 2.025,

ÁS REIVINDICACIÓNS DA CLASE OBREIRA EUROPEA:

A UE QUERE ROUBARNOS AS PENSIÓNS

Os e as abaixo asinantes, dirixentes sindicais e sociais, da maioría dos países europeos, que sempre temos apoiados a loita dos PeX (Pensionistas e Xubilados) en favor de pensións que permitan vivir dignamente,

MANIFESTAMOS:

Que o sistema público de Seguridade Social, pensións, sanidade e asistencia médica en Europa, pero tamén en todo o mundo, é un dos maiores logros do século XX, que foi un importante baluarte de seguridade, cobertura, atención e xubilación para moitas xeracións de traballadores e traballadoras.

Tamén é sabido que nos últimos anos a profunda crise do sistema capitalista, ten causado graves problemas económicos e sociais aos traballadores e aos pobos, e serviu de escusa para promover a privatización do sistema público de Seguridade Social.

Os gobernos xestores do Capitalismo, actuaron así para incrementar as ganancias dos grandes grupos empresariais e dos bancos, que non pararon de aumentar as súas ganancias en plena crise do sistema.

Esta avaliación subliñárona todas as organizacións de pensionistas do Norte ao Sur, e do Este ao Oeste, de Europa.

En Europa, o sistema de Seguridade Social tiña profundas raíces e un amplo alcance grazas ás importantes loitas dos sindicatos de clase, realizadas na segunda metade do século XX.

Coa creación da Unión Europea, verdadeiro instrumento das multinacionais (primeiro do Carbón e o Aceiro, e hoxe das multinacionais de todos os sectores), aparece a repetida exixencia da privatización de todos os Servizos Sociais, en todos os documentos oficiais da Unión Europea (desde o Tratado de Maastricht, o Libro Blanco, e hoxe, co chamado Pacto de Estabilidade, xustificados na chamada brúxula da competitividade).

Sobre esta base, a gran banca privada e todos os gobernos da Unión Europea (UE), independentemente da súa orientación política, aínda que todos defensores do Capitalismo, implementaron esta exixencia con diferentes pretextos, sempre mentindo á cidadanía con datos manipulados.

Invocan diversos argumentos, como a crise económica, a baixa natalidade, o envellecemento da poboación, os déficits orzamentarios, que son problemas reais, da aparición dos cales non son responsables nin a clase obreira nin os

pobos, mentres as políticas que aplican serven sistematicamente ás ganancias e súper ganancias dos grupos empresariais.

Co apoio dunha enorme cantidade de propaganda dos medios de comunicación (dominados polos mesmos intereses capitalistas), ocultan as verdadeiras causas. Estas atópanse nas políticas dos gobernos que serven a un sistema baseado na explotación das masas en beneficio dunha minoría.

Estas políticas xeran ganancias, súper ganancias e crises que destrúen as forzas produtivas, en primeiro lugar, a máis importante, a forza de traballo, que é a fonte de toda a riqueza.

Para dar rendibilidade aos grupos empresariais, optaron polo que chaman "desenvolvemento verde", que destrúe violentamente as estruturas produtivas e, cando isto falla, optan por investimentos en gasto militar, apoiando as guerras que se libran en todo o mundo, matando ás persoas en idade militar e escravizando aos pobos, para roubar aos pobos novos recursos naturais. Os recentes acontecementos en Ucraína así o confirman.

O Produto Europeo de Pensións Particulares (PEPP) preséntase como unha xeración para garantir unha xubilación digna e segura para as persoas da Unión Europea. Porén, a súa verdadeira natureza esconde un entramado de intereses financeiros e bélicos. En realidade, representa un intento de **"crear un mercado único de capitais"**, despoñendo á cidadanía dos seus dereitos sociais para alimentar os beneficios dos grandes fondos de investimento e financiar as guerras promovidas pola OTAN e a UE.

O novo secretario xeral da OTAN, Rutte, e o banqueiro xefe, Draghi, chaman aos gobernos para que realicen cada vez máis recortes na seguridade social, na sanidade e nas pensións. E reclaman que o que se aforre con iso vaia favor do gasto militar, para así poder continuar as guerras e para, freando as protestas, manter a "paz social".

Sobre esta base, en todos os países europeos, os gobernos están adoptando medidas que suprimen: o carácter social da Seguridade Social, o seu financiamento con cargo aos orzamentos públicos, a exención das cotizacións aos empregadores, a privatización dos sistemas de pensións, de saúde e de asistencia médica, o peche de hospitais e centros de saúde públicos, o aumento da idade de xubilación para homes e mulleres, reducir as pensións.

O pasado **12 de decembro**, Mark Rutte, secretario xeral da OTAN, fixo público o que xa moitos sospeitaban: as elites económicas e militares pretenden **"reducir o Estado do Benestar"**, incluíndo as pensións públicas, para custear os conflitos armados nos que se atopan inmersas estas institucións. É dicir, os dereitos sociais das persoas europeas estanse sacrificando para beneficiar as grandes fortunas e á industria militar.

Necesitaríase unha longa lista para enumerar todas as reducións de impostos dos últimos anos.

Nosoutros, que asinamos este texto, somos traballadores e traballadoras que non nos resignamos e por iso loitamos.

Temos a experiencia da nosa vida profesional que nos mostra que nada está dado, todo se conquista coa loita. Grazas a esta experiencia, continuamos as nosas loitas por unha vida digna, de acordo coa riqueza que temos producido e que non lle debemos a ningún acreedor ou banqueiro.

Non só estamos loitando para nós mesmos, senón tamén polos nosos descendentes que poiden vivir en condicións máis difíciles que as nosas.

Con este texto, as persoas europeas que o asinamos, expresamos a nosa oposición ás políticas implementadas contra todos os nosos dereitos, seguridade social, saúde, acceso aos medicamentos, pensións.

Unimos esforzos e esiximos:

- Un sistema público exclusivo de seguridade social, saúde, asistencia médica, con prestacións gratuítas.
- O financiamento da Seguridade Social principalmente polos orzamentos dos Estados de todos os países, polos empresarios, con baixa participación das persoas asalariadas.
- A abolición de todas as actividades bursátiles coas reservas de Seguridade Social.
- A abolición de toda privatización de servizos públicos.
- A redución da idade de xubilación para homes e mulleres en cinco anos.
- A creación de fogares de retiro públicos que satisfagan as necesidades das persoas xubiladas en cada país.
- O aumento das pensións de xubilación para satisfacer as necesidades básicas, igualando as pensións mínimas ao salario mínimo de cada país.
- Programas públicos, gratuítos e de calidade de asistencia social, recreativa e cultural.

ASINANTES, por países:

Nome completo	Descrición da persoa	País de Europa

[illegible]